

INFORMACION XERAL CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN 2025

POR FAVOR, ENTREGUEN COA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO PRAZO DE INSCRICIÓN TODA A DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A INSCRICIÓN E PARA PODER APLICAR AS REDUCIÓNS SOLICITADAS POLO/A INTERESADO/A.

- **Lugar de realización:** Realizarase no CEIP Wenceslao Fernández Flórez (pavillón polideportivo, aula usos múltiples, aula ANPA, ximnasio e comedor do centro e baños anexos a cada espacio).

A realización das actividades neste centro escolar está supeditada a súa autorización polo Consello Escolar do centro e autoridade competente.

- **Prazo de inscrición:** O prazo de inscrición irá do **03 ao 09 de xuño de 2025** (ambos inclusive).

- **Destinatarios:** para o alumnado que neste curso escolar 2024/2025 esté cursando algún dos cursos correspondentes a 4º, 5º e 6º de E. Infantil, toda E. Primaria, e 1º da ESO.

- **Datas de celebración: Realizarase por quendas, de luns a venres (agás festivos):**

- 1ª quenda: Do 1 ao 15 de xullo de 2025, ambos incluídos (11 días).
- 2ª quenda: Do 16 ao 31 de xullo de 2025, ambos incluídos (11 días) agás o 25 que é festivo.
- 3ª quenda: Do 1 ao 14 de agosto de 2025, ambos incluídos (10 días), o día 15 de agosto é festivo.
- 4ª quenda: Do 18 ao 29 de agosto de 2025, ambos incluídos (10 días).

Importante: Poderase solicitar como máximo 3 quendas por participante. Para solicitar as catro quendas deberá estar debidamente xustificado por motivos de conciliación da vida laboral ou persoal ou familiar para o que deberá presentar a documentación que acredite a necesidade.

- **Nº Prazas:** O número mínimo de prazas para que se poñan en marcha as actividades do campamento e que se van a ofertar é de 20 por quenda e o máximo é de 126 por quenda. Este número máximo de prazas pode variar, xa que se no periodo de inscrición se reciben máis solicitudes que prazas nalgunha das quendas e hai prazas libres noutras, éstas distribuiranse para poder admitir o número máximo de solicitudes recibidas. Por tanto o número máximo de 126 poderá aumentar naquelas quendas onde haxa maior demanda e poderá disminuir naquelas quendas onde haxa menor demanda, de forma que unha vez distribuídas (logo do prazo de solicitude de inscrición) o número de prazas vacantes en cada quenda será o que resulte deste reparto.

Prazas mínimas e máximas por quenda para que se leven a cabo os servizos:

SERVIZOS		
	Mínimo por quenda	Máximo por quenda
Atención aos participantes a 1ª h.	10	Este número máximo pode variar en función da demanda, se hai prazas vacantes noutra quenda
Atención aos participantes de 13:30 a 14:30 h.	1	
Atención aos participantes de 14:30 a 15:00 h. (se non hai comida nalgún periodo)	1	
Almorzo	10	
Actividades	20	
Comida	25	

- **Selección dos/das participantes:** Admitiranse todas as solicitudes por quenda recibidas no prazo establecido se non se reciben máis solicitudes que prazas se cumpren cos requisitos de curso dos/das participantes, en primeiro lugar dos nenos e nenas empadroados/as en Cambre, logo os que os seus/súas pais/nais ou titores/as traballen no municipio de Cambre e por último os nenos e as nenas empadroados/as noutros municipios.

Se houbera máis solicitudes que prazas por quenda **farase sorteo** de solicitudes tendo en conta a orde amosada anteriormente.

Documentación a presentar para a inscrición, via telemática pola sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- **Solicitud de inscrición** (segundo modelo normalizado) a descargar na páxina web municipal.
- **Documentación acreditativa do núm. IBAN** de conta bancaria onde se fará o cargo do prezo público correspondente ás actividades.

No caso de que soliciten **redución na cota das actividades deberán presentar a documentación necesaria para acreditar as reducións sinaladas** na solicitude de inscrición (Familia Numerosa, rexistro paro, carnet OMIX ou Xove). Para poder aplicar as reducións deberá marcalo na casilla correspondente da solicitude.

No caso de que soliciten **redución na cota da comida deberán presentar:**

- o Autorización asinada polo/a solicitante e todos e cada un dos membros da unidade familiar maiores de idade para que o concello de Cambre solicite o **nivel de renda** á Axencia Tributaria do ano 2023 e no caso de non autorizar a dita comprobación de datos poderá presentar a copia da última declaración da Renda de todos e cada un dos membros da unidade familiar maiores de idade.
- o Libro de Familia.
- o De ser o caso: sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador onde indique a pensión de manutención establecida, certificado de viuvez, certificado de familia monoparental ou monomarental emitido pola administración competente ao efecto.
- o Outra documentación que o solicitante estime oportuno.

Se xa presentou no ano 2024 ou no 2025 e aínda está en vigor o Libro de Familia, a sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador e o nº de IBAN, non será necesario que o presente de novo con esta solicitude, pero si é obrigatorio que o indique expresamente na súa solicitude, con mención expresa ao expediente no que obre a dita documentación.

Aos efectos do cálculo do nivel de renda da unidade familiar e para acreditar aqueles supostos nos que actualmente concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2023, deberá documentarse o exercicio 2025 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

- No caso de separación ou divorcio: certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2025 que aparezan na vida laboral, ou certificado de empresa oficial onde conste o período de traballo e importes percibidos nese período.

- No caso de desemprego: Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara. Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e certificado de vida laboral.

- No caso de ERTE: documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese periodo e resto de ingresos percibidos fóra dese periodo no ano 2025 ata a data de presentación da solicitude.

- No caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2025 que aparezan na vida laboral ou certificado de empresa oficial.

- Noutros casos non recollidos neste apartado, a documentación necesaria que o acredite segundo sexa o caso e que permita ao Concello poder comprobar o seu nivel de renda.

O Concello de Cambre, poderá solicitar tanta información necesite para calcular a renda per cápita anual da unidade familiar se así o estima oportuno para o que a familia deberá presentar a documentación requirida no prazo que se estableza.

- **Solicitudes presentadas fóra do prazo de inscrición:** A orde das solicitudes presentadas fóra do prazo de inscrición virá determinada segundo a data de presentación da súa solicitude de inscrición por rexistro de entrada.

- **Lista de agarda:** No caso de que se presenten máis solicitudes de inscrición que o número de prazas máximo que hai por quenda, elaborárase unha lista de agarda logo de facer o sorteo e/ou coas solicitudes presentadas fóra de prazo.

Chamamento ás persoas que figuren na lista de agarda no caso de haber baixas dos/das participantes admitidos/as: Chamarase telefónicamente e enviarase unha mensaxe ao teléfono móbil ou ao correo electrónico, segundo os datos facilitados na solicitude de inscrición, pola orde de solicitantes establecida na lista de agarda para darlle de alta ao que corresponda se este segue interesado/a en participar e deberá ser respondida nese mesmo día. Se non quixese darse de alta na actividade “Campamento urbano de verán 2025” deberá comunicar a súa renuncia por escrito (vía telemática pola sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

- **Servizos:** O programa diario estará estruturado da seguinte forma:

- Haberá servizo de Mañanceiro a primeira hora da mañá con almorzo incluído, para quen o solicite, de 7:30 a 9:30 horas, polo que son os pais/nais/titores os que teñen que levar.
- As actividades propias do programa realizaranse de 9:30 a 13:30 horas. Serán actividades lúdico - deportivas e culturais e estarán relacionadas co Verán. Faranse grupos de 14 participantes por idades co/coa seu/súa monitor/a.
- Servizo de atención aos participantes de 13:30 a 14:30 horas, sen comida.

Por último, de 13:30 a 16:30 horas haberá servizo de comida no comedor escolar para quen o solicite, e os participantes farán actividades logo da comida e antes de que sexan recollidos/as polos/as seus/súas pais/nais ou titores. Se non houbera as solicitudes suficientes para poñer en marcha o servizo de comida, as actividades rematarían ás 14:30 horas para quen solicitara a comida e neste caso habería atención aos participantes aos que vaian a recoller ao centro de 14:30 a 15:00 horas.

- **Prezos:** O prezo público e as reducións serán as reflectidas no Acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais, artigo 4º, apartado 9 programa de actividades extraescolares en períodos vacacionais: 1,00 euro/ hora polas actividades e 4,00 euros/ día pola comida. Tendo en conta o número total de horas do programa por módulos o prezo sería o seguinte:

Módulo Mañanceiro - Almorzo: 2,00 euros/día.

Módulo actividades mañá: 4,00 euros/día.

Módulo atención de 13:30 a 14:30 horas: 1,00 euro/día.

Módulo da comida: 3,00 euros/ día + 4,00 euros/día (comida).

As modalidades serán as seguintes:

Nº	HORARIO	MODALIDADE
1	7:30-13:30h (6 horas)	Mañanceiro (con ou sen almorzo) e actividades (sen comida).
2	7:30-14:30h (7 horas)	Mañanceiro (con ou sen almorzo), actividades e atención aos participantes de 13:30 a 14:30 h (sen comida)
3	7:30-16:30h (9 horas)	Mañanceiro (con ou sen almorzo), actividades e comida.
4	9:30-13:30h (4 horas)	Só actividades.
5	9:30-14:30h (5 horas)	Actividades e atención aos participantes de 13:30 a 14:30 h (sen comida).
6	9:30-16:30h (7 horas)	Actividades e comida.

Tendo en conta as diversas modalidades que poden xurdir, as tarifas a aplicar por modalidade e quenda serán as seguintes:

Nº	1ª QUENDA (11 días)	2ª QUENDA (11 días)	3ª QUENDA (10 días)	4ª QUENDA (10 días)
1	66 euros	66 euros	60 euros	60 euros
2	77 euros	77 euros	70 euros	70 euros
3	99 euros + 44 euros(comida) = 143 euros	99 euros + 44 euros(comida) = 143 euros	90 euros + 40 euros(comida) = 130 euros	90 euros + 40 euros(comida) = 130 euros
4	44 euros	44 euros	40 euros	40 euros
5	55 euros	55 euros	50 euros	50 euros
6	77 euros + 44 euros(comida) = 121 euros	77 euros + 44 euros(comida) = 121 euros	70 euros + 40 euros(comida) = 110 euros	70 euros + 40 euros(comida) = 110 euros

Se non houbera o servizo da comida nalgunha das quendas o importe da modalidade elixida con comida sería o que corresponda polo número de horas e sen comida.

- **Prazo de inscrición:** O prazo de inscrición irá do **03 ao 09 de xuño de 2025** (ambos inclusive).

- **Datas de sorteo, publicacións de solicitudes admitidas e lista de agarda:**

Data do sorteo no caso de recibir máis solicitudes que prazas nalgunha ou en todas as quendas no prazo de inscrición: O venres 13 de xuño de 2025 ás 13:00 horas, nas oficinas municipais de Educación da Barcala.

O **anuncio inicial** de aceptación de solicitudes cos servizos que inicialmente poden poñerse en marcha en función das solicitudes recibidas publicárase o **17 de xuño de 2025** na páxina web municipal ou se poderá chamar ao concello de Cambre (concellería de Educación) no nº de tf.: 981 613 291.

A baixa ou cambio de modalidade solicitarase por escrito presentándoa en calquera dos rexistros municipais **ata as 23:59 horas do 20 de xuño de 2025**. Logo desas datas procederase igualmente ao cobro da actividade, agás se a solicitude de baixa ou cambio de modalidade fose por causa de forza maior e xustificada.

A publicación definitiva de solicitudes admitidas e lista de agarda e os servizos definitivos que van realizarse será o día **26 de xuño de 2025** na páxina web municipal, xa que por mor das baixas ou cambios de modalidade a información inicial poden variar.

Importante a ter en conta polos/as pais/nais ou titores/as:

- As autorizacións que figuran na solicitude deben ser cubertas. De non ser cubertas ou omitir a dita información, o Concello non se fará responsable das circunstancias que poidan ocorrer relacionadas coas mesmas.
- Os/as participantes non poderán achegar material propio da casa nin aparellos electrónicos nin teléfono móvil.
- Os/as participantes non poderán levar comida para o almorzo nin para a comida pero si para a merenda a media mañá.

IMPORTANTE: A presentación da documentación terá que ser vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PARA MÁIS INFORMACIÓN CHAMAR AO CONCELLO DE CAMBRE (EDUCACIÓN) NO
Nº DE TELÉFONO 981 613 291, O ENVIAR UN CORREO ELECTRÓNICO A:
educacion@cambre.org